

Venres, 4 de setembro de 2020

Estimadas familias:

Coa presente circular informámosvos de **aspectos xerais** relevantes de cara ao comezo do curso.

Segundo as novas instrucións do protocolo da Consellería de Educación, publicado este luns pola tarde, as datas de incorporación ás aulas dos diferentes niveis educativos son as que aparecen recollidas na seguinte táboa.

DATA	NIVEL
<b>XOVES 10 SETEMBRO</b>	4º e 5º EDUCACIÓN INFANTIL 1º, 2º e 3º EDUCACIÓN PRIMARIA
<b>VENRES 11 SETEMBRO</b>	6º EDUCACIÓN INFANTIL 4º, 5º, 6º EDUCACIÓN PRIMARIA
<b>MÉRCORES 16 SETEMBRO</b>	1º e 2º ESO
<b>XOVES 17 SETEMBRO</b>	3º ESO
<b>VENRES 18 SETEMBRO</b>	4º ESO

O centro manterá os servizos de comedor, transporte escolar, madrugadores e ludoteca. O inicio destes servizos será o **luns 14 de setembro**.

As actividades extraescolares serán limitadas polo de agora á actividade de **INGLÉS**. No sucesivo recibiredes máis información ao respecto.

Os alumnos entrarán directamente ás respectivas aulas, sen congregarse no patio nin na galería por mor das circunstancias sanitarias actuais. **En vindeiras circulares recibiredes información por etapas en canto ás listas de clase, horario escalonado de entradas e saídas dos diferentes grupos.**

Para ir poñéndonos en situación, é importante que toda a comunidade educativa teña en conta as seguintes pautas que establecen as autoridades sanitarias e educativas. Pregamos que as leades detidamente cos vosos fillos, posto que é responsabilidade de todos crear un día a día o máis seguro posible nas aulas.

- Pedimos **rigor e puntualidade no cumprimento dos horarios de entrada e saída** que se farán de xeito escalonado.
- **As familias non accederán ao centro o primeiro día de clase**, agás no caso dos alumnos de 4ª EDUCACIÓN INFANTIL (3 anos), que poderán entrar tan so cun adulto: pai/nai/titor.
- **O uso de máscara será obrigatorio no colexio en todo momento**, por todo o alumnado a partires de 1º de primaria. No caso dos alumnos de educación infantil, as autoridades recomendan o seu uso na medida do posible. É obrigatorio que os alumnos traian unha segunda máscara de recambio gardada nun estoxo. Pregamos sexan hixienizadas debidamente para que cumpran ben a súa función.
- Os profesores e titores poderán establecer **momentos de descanso da máscara** nun período de tempo curto, sempre de forma segura.
- Nas entradas ao centro é preciso **hixienizar o calzado** nas alfombras destinadas a tal fin, así coma o **lavado de mans** con xel hidroalcohólico dispoñible en todas as aulas.
- É de suma importancia que os alumnos presten especial atención ás **carteleiras de sinalización** de direccións a seguir, distancia de seguridade e normas COVID.
- Non poderán acudir ao centro **alumnos con síntomas compatibles coa COVID-19**, que fosen diagnosticados ou que tivesen contacto con

persoas con síntomas ou diagnosticadas. Pregamos que as familias vixiedes responsablemente o estado de saúde dos vosos fillos.

A medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia a diario antes de acudir pola mañán ao colexio.

- No caso de presentar febre ou **síntomas compatibles na casa**, o alumnado non acudirá ao centro e a familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno e con algunha das persoas do **EQUIPO COVID** do centro.
- Se algún alumno presentase síntomas compatibles co COVID-19 durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, será illado na **aula COVID**, de maneira inmediata poñerémonos en contacto coa familia para que á maior brevidade posible veñan a recollelo.
- As familias non poderán acceder ao centro salvo causa xustificada ou ben porque fosen citados previamente polos titores ou profesorado do centro. Trataranse de evitar aglomeracións nas entradas e saídas.
- As **reunións de comezo de curso** coas familias realizaranse de forma **telemática** agás no caso de alumnos de nova admisión que están sendo convocadas telefonicamente a reunións presenciais cos titores.

Un saúdo cargado de esperanza para este novo curso a piques de comezar.



**Equipo Directivo**